



Acta de reunión

Órgano convocado	EDNL							
Lugar de reunión	Taller de Integración Social				Ordinaria	X	Extraordinaria	Urxente
Nº de reunión	5	Data	04/04/2019	Hora inicio	11:30h	Hora remate	12:00	
Moderadora	Marcos Pérez Cardoso							
Secretario/a	Marcos Pérez Cardoso							
Propósito	Revisión da programación de este curso e actividades para o trimestre							
Asistentes	Miguel(alumno electromecánica), Eduardo Quintela, Mónica Mouriño e Marcos (coordinador do ENDLG)							

Temas tratados

1. Lectura e aprobación da acta anterior

Dase lectura á acta anterior e apróbase.

2. Propostas e actividades

Coméntanse os acordos tomados na reunión anterior:

- Preguntouse ao Secretario sobre o orzamento dispoñible e informa de que non debería haber problema, que segundo precisemos pidamos.
- Falamos co concello e xa temos unha exposición sobre o movemento Bravú que está funcionando moi ben.
- O obradoiro de escrita vese difícil levar a cabo conforme o que indica Cristina a Orientadora por cuestión de tempo.

Coméntanse as posibles actividades a realizar que nos parecen interesantes:

- Infórmase de que se levou á reunión do RAF a idea de deseñar uns paneis grandes (tamaño superior a un A2) onde se mostre un elemento característico de cada familia profesional indicando como se chaman os distintos compoñentes. As xefaturas quedaron en traballar a idea e trasladarnos a nós. Marcos fala de comentar cun deseñador para que nos presente unha proposta.
- Ante a chegada do mes de maio comentamos varias propostas de actividades que poidan ser atractivas:
 - . Por unha banda, traese unha proposta de Irene que comentou que existía a posibilidade de facer algún concurso que teña como tema a igualdade e a lingua que podería ser financiado pola Consellería. Dentro desta proposta tamén poderíamos incluír un pequeno concerto.
 - . Marcos comenta que pode falar coa Asociación Trepia para ver se poderían preparar algunha actuación vinculada con Antón Fraguas e o Cantigueiro de Cotobade.
 - . Mónica propón que se podería traer alguén de maxia como outros anos.





- . Miguel comenta que podería tantear a posibilidade de que viñera Fina Casalderrey
- . Marcos comenta que falou con Isabel Risco e que quedou de dicir se podería vir a actuar.
- . Por outra banda a compañeira Fátima que imparte aulas no ciclo de Promoción da Igualdade, falou da posibilidade de organizar unha carreira das letras pola igualdade que poderíamos meter no programa.

3. Rolda de intervencións

Non hai intervencións

Acordos

- Marcos queda en preparar cartaces e facer os contactos para ver as posibilidades de actuacións
- Miguel tanteará o de Fina Casalderrey
- Marcos queda de falar con Fátima para ver como organizamos a carreira
- Con Irene prepararemos o concurso

O Moderador e secretario

Marcos Pérez Cardoso

